



UNIVERSIDADE
DE VIGO

4

Registro Xeral
SAIDA
UVIGO1101 N.º 200500015096
22-09-2005 12:05:09

En data 3 de outubro de 2000 ditouse resolución da ~~Secretaría Xeral na que se~~ establecía que as certificacións académicas que se expidan nas Secretarías Académicas dos centros e servizos da Universidade de Vigo estarán exentas do pagamento de prezos públicos, sempre que os interesados fagan constar que o seu obxecto é a solicitude de bolsa ou axuda.

En data 30 de xullo de 2003 ditouse resolución da Secretaría Xeral na que se establecía que non se cobrarán as taxas administrativas a aqueles alumnos da Universidade de Vigo que desexen trasladar o seu expediente entre os distintos centros da Universidade.


Tendo en conta que hai procedementos da Universidade de Vigo nos que se esixe a presentación dunha certificación académica que acredite o expediente académico do alumno e que o artigo 35 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, establece que os cidadáns teñen dereito a non presentar documentos non esixidos polas normas aplicables ao procedemento de que se trate, ou que xa se atopen en poder da administración actuante,

ESTA SECRETARÍA XERAL DISPÓN:

As certificacións académicas que se expidan nas Secretarías Académicas dos centros e servizos desta Universidade estarán exentas do pagamento de prezos públicos sempre que os interesados fagan constar que o seu obxecto é a participación nun procedemento convocado pola Universidade de Vigo. A estes efectos incluírase nas ditas certificacións a seguinte dilixencia:

"DILIXENCIA: para facer constar que a presente certificación se expide para achegar á solicitude de.....convocada por.....(cítese a unidade convocante) e soamente producirá efectos para o dito trámite."

Vigo, 20 de setembro de 2005
A SECRETARÍA XERAL



M.ª Teresa Iglesias Randulfe

Sr. Xefe do Servizo de Alumnado
Sr. Xefe do Servizo de Extensión Universitaria
Sres/as Administradores de Centros e Campus
Sres/as Xefes de Administración e da Área Académica